

## III AGOSTO EN CAMBRE BLITZ

1. O "III Agosto en Cambre Blitz" celebrarase no pavillón Sofía Toro de Cambre (rúa Wenceslao Fdz Flórez CP:15660 Cambre) o día 20 de agosto de 2022.
2. Xogarase por sistema suízo a sete ou oito roldas, dependendo do número de xogadores. O ritmo de xogo será 3 minutos por xogador + 2 segundos por xogada.
3. **As inscricións son gratuitas e realizaranse presentando o [formulario de inscrición no Rexistro Municipal](#) ou na sede electrónica ([sede.cambre.es](http://sede.cambre.es)) a través dunha solicitude xeral, adxuntando o arquivo de inscrición cuberto ata o xoves 18 de agosto (incluído).** En caso de problemas coa inscrición, os interesados poden poñerse en contacto a través do email [escolaxadrezsigras@hotmail.com](mailto:escolaxadrezsigras@hotmail.com).
4. O torneo será válido para a obtención de ELO internacional de xadrez blitz.
5. O torneo comezará coa presentación dos xogadores ás 11:00 e rematará coa entrega de premios ás 13:30.
6. A orde de aplicación dos sistemas de desempate será: 1º resultado particular, 2º bucholz brasileiro, 3º bucholz total e 4º APRO.
7. Os emparellamentos realizaranse por sistema informático contra o que non se poderán presentar reclamacións.
8. Non haberá comité de competición, as decisións do árbitro son inapelables.
9. É necesario estar federado na tempada actual para poder inscribirse no torneo.
10. O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria. Con carácter previo ao pagamento comprobarase que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Para o pago dos premios é necesario a presentación do DNI ou documento que acredite a identidade do deportista. A organización facilitará unha ficha aos premiados para cumprimentar os seus datos fiscais e asinarán unha autorización para comprobar que estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
11. Todo o non especificado nestas bases rexerase polas normas e regulamento da FIDE.
12. Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listado de resultados, clasificacións, participantes, fotos, ...).
13. A participación neste torneo supón a aceptación destas bases.
14. Os premios (220 €) serán os seguintes (en caso de que algunha persoa teña dereito a dous premios levará o de maior cantidade, e se foran do mesmo valor levará o da clasificación xeral):

1º clasificado	60 € + Trofeo
2º clasificado	50 €
3º clasificado	40 €
4º clasificado	30 €
5º clasificado	20 €
1º local	20 €